

GUÍA VISUAL

PARA A

CONFESIÓN

TI | O SACERDOTE

1

Tras o saúdo acostumado, fas o sinal da cruz mentres dis

No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo



O Señor estea no teu corazón para que poidas arrepentirte e confesar humildemente os teus pecados

2

Pasaron...días/semanas/anos desde a miña última confesión

Se non o lembrás, aproximadamente

Os meus pecados son...


Entón confesas os teus pecados empezando polos máis graves



3

O sacerdote darache algún consello

E despois dirache que cumpras unha penitencia, que habitualmente supón rezar algunha oración.



Expresas a túa contrición dicindo:

Xesús, Fillo de Deus, apiádate de min que son un pecador

Ou podes dicir un acto de contrición que coñezas



4

Coa fórmula da absolución Xesucristo mesmo perdóache



...Eu absólvote dos teus pecados no nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo

Ao final, invítate a irte en paz

ADULTOS

A Confesión é a oportunidade de pedir perdón a Deus e de recibir a súa misericordia. Antes de confesarte, dedica un intre para recollerte e pensar naquilo que fixeches e que danou a outros, e en qué podes facer para ser mellor cristián. Unha confesión sincera é a oportunidade de renovar a túa alma e abrirte á graza de Deus. As preguntas que seguen pódenche axudar a pensar nas cousas das que necesitas ser perdoado.

- Rexeitei ou abandonei a miña fe? Preocupeime por coñecela mellor? Defendina, ou avergoñeime dela? Hai algún aspecto da fe que non acepto?
- Tomei o nome de Deus en vano? Fixen espiritismo ou confiei en adiviños ou horóscopos? Mostrei falta de respecto polas persoas, lugares ou cousas santas?
- Faltei voluntariamente á Misa os domingos ou días de precepto?
- Recibín ao Señor na Sagrada Comunión tendo algún pecado grave na miña conciencia? Recibino sen agradecemento ou sen a debida reverencia?
- Fun impaciente, tiven celos ou enfadeime?
- Alberguei rancores ou estiven pouco disposto a perdoar?
- Fun violento con outras persoas verbal ou fisicamente?
- Cooperei ou alentei a alguén a abortar, destruír embrións, á eutanasia ou a outro medio de acabar coa vida humana?
- Tiven odio ou fixen xuízos críticos de pensamento ou de obra? Menosprecei a outros?
- Falei mal doutros?
- Tomei alcol en exceso? Consumín drogas?
- Mirei vídeos ou páxinas web pornográficas? Cometín actos impuros comigo mesmo ou con outras persoas? Vivo con alguén coma se estivésemos casados sen estalo?
- Se estou casado, procuro amar ao meu cónxuxe por encima de calquera outra persoa? Poño o meu matrimonio en primeiro lugar? E os meus fillos? Teño unha actitude aberta a novas vidas?
- Permito que o meu traballo ocupe tempo e enerxías que corresponden á miña familia ou amigos?
- Fun soberbio ou egoísta de pensamento ou de obra? Desatendín aos pobres ou aos necesitados? Gastei diñeiro para a miña comodidade ou luxo persoal esquecendo as miñas responsabilidades cara outros e cara á Igrexa?
- Dixen mentiras? Fun honesto e dilixente no meu traballo? Roubei ou enganei a alguén no traballo?
- Deixeime levar pola preguiza? Preferín a miña comodidade persoal ao servizo aos demais? Desatendín a miña responsabilidade de achegar aos demais a Deus co meu exemplo e a miña palabra?

GUÍA VISUAL

PARA A

CONFESIÓN

TI | O SACERDOTE

1

Tras o saúdo acostumado, fas o sinal da cruz mentres dis

No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo



O Señor estea no teu corazón para que poidas arrepentirte e confesar humildemente os teus pecados

2

Pasaron...días/semanas/anos desde a miña última confesión

Se non o lembras, aproximadamente

Os meus pecados son...

Entón confesas os teus pecados empezando polos máis graves



3

O sacerdote darache algún consello

E despois dirache que cumpras unha penitencia, que habitualmente supón rezar algunha oración.



Expresas a túa contrición dicindo:

Xesús, Fillo de Deus, apiádate de min que son un pecador

Ou podes dicir un acto de contrición que coñezas



5

Coa fórmula da absolución Xesucristo mesmo perdóache

...Eu absólvote dos teus pecados no nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo

Ao final, invítate a irte en paz



MOZOS

A Confesión é a oportunidade de pedir perdón a Deus e de recibir a súa misericordia. Antes de confesarte, dedica un intre para recollerte e pensar naquilo que fixeches e que danou a outros, e en qué podes facer para ser mellor cristián. Unha confesión sincera é a oportunidade de renovar a túa alma e abrirte á graza de Deus. As preguntas que seguen pódennche axudar a pensar nas cousas das que necesitas ser perdoado.

- Rexeitei ou abandonei a miña fe? Preocupeime por coñecela mellor? Defendina, ou avergoñeime dela?
- Tomei o nome de Deus en vano? Fixen espiritismo ou confiei en adiviños ou horóscopos? Mostrei falta de respecto polas persoas, lugares ou cousas santas?
- Faltei voluntariamente á Santa Misa os domingos ou días de precepto? Esquecinme de Deus abandonando as miñas oracións?
- Recibín ao Señor na Sagrada Comunión tendo algún pecado grave na miña conciencia? Recibino sen agradecemento ou sen a debida reverencia?
- Axudei pouco na casa? Tratei con pouco agarimo aos meus pais?
- Fun impaciente, envexoso? Enfadeime? Fomentei o resentimento ou non estiven disposto a perdoar? Odiei a alguén ou xulgueino mal?
- Descoidei os meus deberes de estudante? Fun preguiceiro? Tratei con falta de respecto aos meus profesores ou a outras persoas maiores?
- Pelexeime? Fixen dano a alguén con insultos ou falando mal deles? Revelei algún segredo ou dixen cousas só para danar a outros?
- Dixen ou pensei cousas impuras? Fíxenas comigo mesmo ou con outros? Mirei imaxes ou películas pornográficas?
- Dixen mentiras para xustificarme, danar a outros ou por darme máis importancia?
- Roubei algo? Estraguei algo á propósito?
- Tiven envexa doutros polo que teñen ou polo bo resultado do seu traballo? Poño o meu corazón en ter cousas?
- Axudei a fomentar que outros fagan o mal?
- Tomei alcol en exceso? Consumín drogas?
- Fun egoísta de pensamento ou de obra?
- Preferín a miña comodidade ao servizo aos demais? Desatendín a miña responsabilidade de achegar aos demais a Deus co meu exemplo e a miña palabra?

GUÍA VISUAL

PARA A

CONFESIÓN

TI | O SACERDOTE

1

Tras o saúdo acostumado, fas o sinal da cruz mentres dis

No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo



O Señor estea no teu corazón para que poidas arrepentirte e confesar humildemente os teus pecados


2

Pasaron...días/semanas/anos desde a miña última confesión

Se non o lembrás, aproximadamente

Os meus pecados son...

Entón confesas os teus pecados empezando polos máis graves



3

O sacerdote darache algún consello

E despois dirache que cumpras unha penitencia, que habitualmente supón rezar algunha oración.



Expresas a túa contrición dicindo:

Xesús, Fillo de Deus, apiádate de min que son un pecador

Ou podes dicir un acto de contrición que coñezas



5

Coa fórmula da absolución Xesucristo mesmo perdóache

...Eu absólvote dos teus pecados no nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo

Ao final, invítate a irte en paz



NENOS

Estas preguntas axudaránche a saber as cousas polas que has de pedir perdón

- Recei as miñas oracións?
- Fun á Misa os Domingos?
- Tomei o nome de Deus en vano?
- Distraínme voluntariamente na Misa ou na Igrexa?
- Axudei na casa?
- Fun egoísta ou tratei aos meus pais e irmáns con pouco agarimo?
- Obedecín aos meus pais e profesores?
- Compartín os meus xoguetes cos demais?
- Fun impaciente? Enfadeime?
- Fun caprichoso ou pesado para que as cousas se fixeran como eu quero?
- Perdo o tempo en clase?
- Fixen os meus deberes o mellor que podo? Copiei nos exames?
- Pelexeime?
- Fixen dano a algunha persoa falando mal dela?
- Dixen mentiras?
- Roubei algo? Estraguei algunha cousa que non era miña á propósito?
- Dei bo exemplo?
- Animei a outros a que fixesen cousas malas?
- Fun egoísta de pensamento ou de obra?
- Tiven celos doutros?
- Excluí a alguén dos meus xogos?
- Recei polos demais e axudeilles para que estean máis preto de Deus?